En canto aos ingresos, indica o Sr. Alcalde que son 5.321.296,05 €, do capítulo I son 1.763.479,24, no capítulo II son 90.000 €, no capítulo III 616.000,00 €, no capítulo IV son 2.848.816,81 e ingresos pendentes de operación de capital do capítulo VI ao IX cun total de 999.722,82 €, segue relatando o Sr. Alcalde que no capítulo VI alleamento de investimentos reais son 174.580,82 €, no capítulo VII 825.142,00 € o que supón

CVD: psjfTISuTYgh/ks0ccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

un 85,2 %.

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 22 de marzo de 2024 relacionado coa orde do día...

“**ASUNTO.- DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 22 DE MARZO DE 2024.**

Proposta ditame do orzamento do Concello de Carral 2024, expedientes en TEDEC 2024/T004/000001 e 2024/G006/000034

**EXPEDIENTE: 2024/T004/000001**

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións....
Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por maioría, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (7 votos), e as abstencións do grupo municipal do Partido Popular (4 ) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar de xeito inicial o orzamento xeral do Concello de Carral para o exercicio do 2024, as bases de execución e o respectivo cadro de persoal, así como o resto dos documentos anexos, que ten o seguinte resumo por capítulo:

| **INGRESOS** | | **GASTOS** | |
|---|---|---|---|
| **CAPÍTULOS** | **IMPORTE €** | **CAPÍTULOS** | **IMPORTE €** |
| I IMPOSTOS DIRECTOS | 1.763.479,24 | I GASTOS DE PERSOAL | 2.216.920,18 |
| II IMPOSTOS INDIRECTOS | 90.000,00 | II GASTOS CORR. BENS E SERV. | 2.657.162,38 |
| III TAXAS E OUTROS INGRESOS | 616.000,00 | III GASTOS FINANCIEIROS | 3.000,00 |
| IV TRANSFERENCIAS CORRENTES | 2.848.816,81 | IV TRANSFERENCIAS CORR. | 227.329,19 |
| V INGRESOS PATRIMONIAIS | 3.000,00 | V DOTACIÓN PARA INSOLVEN. | 150.000,00 |
| **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **5.321.296,05** | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **5.254.411,75** |
| VI ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS | 174.580,82 | VI INVERSIÓNS REAIS | 1.038.427,64 |

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | | | |
|---|---|---|---|
| VII TRANSF. DE CAPITAL | 825.142,00 | VII TRANSF. DE CAPITAL | 0,00 |
| VIII ACTIVOS FINANCIEIROS | 0,00 | VIII ACTIVOS FINANCIEIROS | 0,00 |
| IX PASIVOS FINANCIEIROS | 0,00 | IX PASIVOS FINANCIEIROS | 28.179,48 |
| **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **999.722,82** | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **1.066.607,12** |
| **TOTAL ORZAMENTO** | **6.321.018,87** | **TOTAL ORZAMENTO** | **6.321.018,87** |

**SEGUNDO.-** Dispoñer a apertura dun período de información pública de quince (15) días hábiles, mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

**TERCEIRO.-** No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia."

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco Fidalgo

Manifesta a Sra. Blanco que xa que este orzamento se vai a aprobar en todo caso xa que o goberno dispón da maioría, indica a Sra. Blanco que por principios non se pode deixar nunca unha administración pública sen orzamentos, pero volve a reiterar a Sra. Blanco que neste caso, coa maioría do goberno se vai a aprobar en todo caso. Continua indicando a Sra. Blanco que ainda que o goberno ten maioría absoluta dende xuño os orzamentos van bastante tarde e o goberno estase vendo obrigado a facer transferencias entre partidas.

Indica a Sra. Patricia que é unha mágoa que non se contara cos grupos da oposición para aportar algo ou intentar negociar uns orzamentos.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Mouriño.

Manifesta o Sr. Mouriño que o grupo popular sabe que o equipo de goberno teñen maioría absoluta pero ainda así non se van a abster como fará a voceira do grupo socialista. Indica o Sr. Mouriño que se olvidou de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

dicir ao principio deste pleno que a Sra. Concelleira Isabel López Perez excusaba a súa non asistencia a este pleno.

Continua indicando o Sr. Mouriño que o grupo popular votará en contra destes orzamentos primeiro porque estes orzamentos xa tiñan que estar en vigor o 1 de xaneiro de 2024, e non entende o grupo popular que despois de que o goberno tivera maioría dende maio, como dicía a portavoz do grupo socialista, os orzamentos poderían estar feitos.

Considera, o Sr. Fernández Mouriño, que a partida dos ingresos están inflados, faise referencia a 170.000,00 € pola venda dunhas parcelas que hai no Xalo, na urbanización do Xalo, as cales levan anos ahí, a titularidade das parcelas, indica o Sr. Mouriño que el cree que non están rexistradas no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Carral e, reitera o Sr. Mouriño que o grupo popular considera que este orzamento está inflado xa que aumenta seiscentos e pico mil euros, por isto, indica o Sr. Mouriño ao grupo popular non lle parece ben que as parcelas se metan neste orzamento, xa que esas mesmas parcelas no orzamento do ano 2020 ou 2021 estaban á venda e non se fixo nada por vendelas e incluso por legalizalas.

Continua o Sr. Fernández indicando que en canto a gastos o grupo popular ve que hai inversións de un millón e algo de euros pero dos cales o concello so aporta 198.945 € o resto son de outras administracións, e non so eso, indica o Sr. Mouriño senón que se duplica algunha obra que xa tiña que estar executada no ano 2023, como por exemplo a reforma do polideportivo, que é unha cantidade importante xa que son 156.000 € igual que algunha que outra obra mais que son do ano 2023 e vólvense a meter nos orzamentos deste ano, onde a maioría dos cartos  financiadas pola Diputación polo Plan de Obras e Servizos. Manifesta o Sr. Mouriño que os cento noventa e oito mil euros en canto a inversións para infraestructuras por parte do Concello son insuficientes, indica o Sr. Mouriño que o grupo popular cre que habería que meter mais obras xa que hai mais necesidades e non destinar unha partida tan importante que son 241.187 € para órganos de goberno, que é o que cobra o equipo de goberno e incluso, indica o Sr. Mouriño que algunha vez o equipo de goberno reprocha ao grupo popular cando solicitan algún pleno extraordinario e non é porque queira cobrar o grupo popular xa que, sinala o Sr. Mouriño, que os concelleiros por cada pleno cobran 100 € pero por 6 plenos que pode haber ao ano pouco supón para as arcas do Concello pero, indica o Sr. Mouriño que o que supón é o montante de 241.187 € que son os que gasta o equipo de goberno ao ano e que cobran para entregar un orzamento tres meses despois do tempo que tiña que estar.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Continua o Sr. Fernández Mouriño dicindo que ao grupo popular tamén se lles fai excesivas unha cantidade de inversións ou previsións de inversións, como por exemplo para o programa de Navidad 60.000 € (48.000 € mais 12.000 € que están na partida de deportes), sinala o Sr. Mouriño que non saben que ten que ver a festa de Navidad co deporte, que será unha gala do deporte en Navidad con 12.000 € e 48.000 € para facer a Navidad é un importe moi importante, non se gastaba tanto en anos anteriores para facer a festa de Navidad, incluso, indica o Sr. Fernández, lucía moito mais os Reis e o Papá Noel.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que 50.000 € para a Festa do Pan, benvidos sexan xa que é unha subvención por parte da Deputación da Coruña. Continua dicindo o Sr. Mouriño que gastar 11.000 € para promocionar as feiras, indica o Sr. Mouriño que non sabe se será coa vermufeira, pero o Sr. Mouriño alégrase de que non haxa unha carpa no medio da feira vendendo vermú ou un pouco pulpo e que isto nos custe ao Concello colocarlle a carpa e pagar a actuación, parécelle ao Sr. Mouriño unha vergonza o que se gastou o ano pasado na vermufeira e os 11.000 e para promocionar as feiras e, en cambio, matiza o Sr. Mouriño, para dinamizar o comercio de Carral so se destinan 2.000 €. Sinala o Sr. Mouriño que cree que esas cantidades se deberían de facer de outra maneira e equiparar un pouco.

Continua o Sr. Mouriño indicando que hai 7.000 € para gastos da festa do Carnaval, aparte dos dous mil e pico euros que se dan en premios. Indica o Sr. Mouriño que el recorda que cando el estaba na alcaldía os Carnavais facíanse e o único que había que pagar era o aluguer da carpa e algún outro pequeno gasto porque o facía o persoal do concello e varios concelleiros e non se contrataban empresas externas, indica o Sr. Mouriño que ao seu grupo fáiselle excesivo os 7.000 € para esta festa.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que o seu grupo votará en contra destes orzamentos xa que ainda que os orzamentos chegan tarde, o grupo popular pensa que non se gastan os cartos dos veciños e veciñas como se deberían gastar.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 7 votos a favor (dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) 3 votos en contra ( dos /as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 unha abstención da concelleira do grupo mixto ( concelleira do partido político PsdG-PSOE) o Pleno **ACORDOU**:

**"PRIMEIRO.-** Aprobar de xeito inicial o orzamento xeral do Concello de Carral para o exercicio do 2024, as bases de execución e o respectivo cadro de persoal, así como o resto dos documentos anexos, que ten o seguinte resumo por capítulo:

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| INGRESOS | | GASTOS | |
|---|---|---|---|
| **CAPÍTULOS** | **IMPORTE €** | **CAPÍTULOS** | **IMPORTE €** |
| I IMPOSTOS DIRECTOS | 1.763.479,24 | I GASTOS DE PERSOAL | 2.216.920,18 |
| II IMPOSTOS INDIRECTOS | 90.000,00 | II GASTOS CORR. BENS E SERV. | 2.657.162,38 |
| III TAXAS E OUTROS INGRESOS | 616.000,00 | III GASTOS FINANCIEIROS | 3.000,00 |
| IV TRANSFERENCIAS CORRENTES | 2.848.816,81 | IV TRANSFERENCIAS CORR. | 227.329,19 |
| V INGRESOS PATRIMONIAIS | 3.000,00 | V DOTACIÓN PARA INSOLVEN. | 150.000,00 |
| **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **5.321.296,05** | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **5.254.411,75** |
| VI ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS | 174.580,82 | VI INVERSIÓNS REAIS | 1.038.427,64 |
| VII TRANSF. DE CAPITAL | 825.142,00 | VII TRANSF. DE CAPITAL | 0,00 |
| VIII ACTIVOS FINANCIEIROS | 0,00 | VIII ACTIVOS FINANCIEIROS | 0,00 |
| IX PASIVOS FINANCIEIROS | 0,00 | IX PASIVOS FINANCIEIROS | 28.179,48 |
| **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **999.722,82** | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **1.066.607,12** |
| **TOTAL ORZAMENTO** | **6.321.018,87** | **TOTAL ORZAMENTO** | **6.321.018,87** |

**SEGUNDO.-** Dispoñer a apertura dun período de información pública de quince (15) días hábiles, mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

**TERCEIRO.-** No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia."

CUARTO.- Ditame recoñecemento extraxudicial de crédito, expedientes en TEDEC 2024/X999/000045 e 2024/G006/000041.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Indica o Sr. Alcalde que é este recoñecemento extraxudicial é unha proposta da Alcaldía ao Pleno dos pagos de facturas anteriores ata a data de hoxe.

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 22 de marzo de 2024 relacionado coa orde do día...

**ASUNTO.- DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 22 DE MARZO DE 2024.**

**Ditame recoñecemento extraxudicial de crédito, expedientes en TEDEC 2024/X999/000045 e 2024/G006/000041**

Expediente: 2024/X999/000045

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións....

Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por maioría, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (7 votos), e as abstencións do grupo municipal do Partido Popular (4 ) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Resolver a discrepancia e levantar o reparo formulado pola Intervención Municipal, continuando a tramitación do expediente.

**SEGUNDO**.- Aprobar o recoñecemento expediente nº 1/2024, na relación anexa que empeza por R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SAU e termina en ESPROADE SL, por importe total bruto e líquido de 74.614,93 € correspondentes a exercicios anteriores.

**TERCEIRO**.- Aplicar ao orzamento do exercicio de 2024, que é o prorrogado de 2021, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións que se sinalan na relación anterior.”

O Sr. Alcalde concede o turno de palabra á Sra. Patricia

A Sra. Patricia non quere intervir.

O Sr. Alcalde concede o turno de palabra ao Sr. José Luis.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que neste punto xa adianta que o grupo popular se vai a abster. Entende o Sr. Mouriño que pode haber facturas que poden chegar tarde ou outras facturas que se poden levantar o reparo suspensivo o Sr. Alcalde pero ao Sr. Fernández sorpréndelle que, nos anos que o Sr. Mouriño estivo de Alcalde nunca se pagou ningunha liquidación de obras nun extraxudicial, e, indica o Sr. Mouriño neste extraxudicial ve duas liquidacións de obras imaxina o Sr. Mouriño que co informe en contra da Intervención

CVD: psjfTISuTYgh/kSOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

do Concello xa que nas bases dos orzamentos anteriores figuraba que non se admitían liquidacións, por todo isto, indica o Sr. Fernández Mouriño o grupo popular vaise abster.

Indica o Sr. Fernández Mouriño que o orzamento que se acaba de aprobar neste pleno, en contratación de proxectos van case douscentos mil euros espera que eses proxectos de 2024 vaian mellor feitos e que non haxa despois que pagar mais liquidacións, ainda que, continua o Sr. Mouriño , a el lle extraña que o servizo de intervención do concello non fixera un reparo importante neste punto xa que, o Sr. Mouriño cre que as liquidacións non se deben pagar, habería que adaptar a contratación ás obras e se hai que modificar o proxecto farase pero sen liquidacións

Sen mais intervencións por maioría absoluta con 7 votos a favor dos /as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños e con 4 abstencións ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP) e 1 unha abstención da concelleira do grupo mixto ( pertencente o partido político PsdG-PSOE)o Pleno **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Resolver a discrepancia e levantar o reparo formulado pola Intervención Municipal, continuando a tramitación do expediente.

**SEGUNDO**.- Aprobar o recoñecemento expediente nº 1/2024, na relación anexa ( no expediente TEDEC 2024/X999/000045) que empeza por R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SAU e termina en ESPROADE SL, por importe total bruto e líquido de 74.614,93 € correspondentes a exercicios anteriores.

**TERCEIRO**.- Aplicar ao orzamento do exercicio de 2024, que é o prorrogado de 2021, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións que se sinalan na relación anterior

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**QUINTO.- Ditame de solicitude de subvención nominativa para a XX festa do pan de Carral, expedientes en TEDEC 2024/A007/000001 e 2024/G006/000034**

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 22 de marzo de 2024 relacionado coa orde do día...

**ASUNTO.- DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 22 DE MARZO DE 2024.**

Ditame de solicitude de subvención nominativa para a XX festa do pan de Carral, expedientes en TEDEC 2024/A007/000001 e 2024/G006/000034

Expediente: 2024/A007/000001

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións....

Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por unanimidade, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (7 votos), do grupo municipal do Partido Popular (4 ) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial unha subvención nominativa por importe de 39.998,80 € para a celebración da que sería a XX Festa do Pan de Carral, o que supón o 80% do orzamento total que sería de 49.998,50 €.

**SEGUNDO.-** Aprobar a memoria na que se deixa constancia do interese público provincial e o orzamento que acompaña a mesma, o cal cubrirá os gastos necesarios para a súa realización, así como o calendario da realización da actividade.

**TERCEIRO.-** Designar ao sr. alcalde, don Francisco Javier Gestal Pose (76339994G) para a sinatura do convenio.

**CUARTO.-** Declarar:

I. Que este Concello non solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

II. Que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

III. Que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excelentísima Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos.

IV. Que este Concello declara coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

V. Que este Concello con data do 27 de outubro de 2023 (número de rexistro 2023-E-RC-1627) remitiu a través da plataforma telemática do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas a conta Xeral do Concello, do exercicio 2022, aprobada na sesión plenaria ordinaria do 24 de outubro de 2023."

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Patricia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Intervén a Sra. Patricia para dicir que ela está, como sempre, a favor de pedir esta subvención tendo en conta que a Deputación é cada vez menos favorable ás subvencións nominativas.

Concede o turno de palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Mouriño.

Indica o Sr. Mouriño que o grupo popular está totalmente dacordo con que se solicite esta subvención

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor ( 7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros /as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( pertencente o partido político PsdG-PSOE) o Pleno municipal ACORDOU:

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial unha subvención nominativa por importe de 39.998,80 € para a celebración da que sería a XX Festa do Pan de Carral, o que supón o 80% do orzamento total que sería de 49.998,50 €.

**SEGUNDO.-** Aprobar a memoria na que se deixa constancia do interese público provincial e o orzamento que acompaña a mesma, o cal cubrirá os gastos necesarios para a súa realización, así como o calendario da realización da actividade.

**TERCEIRO.-** Designar ao sr. alcalde, don Francisco Javier Gestal Pose (76339994G) para a sinatura do convenio.

**CUARTO.-** Declarar:

I. Que este Concello non solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.
II. Que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.
III. Que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excelentísima Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

IV. Que este Concello declara coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

V. Que este Concello con data do 27 de outubro de 2023 (número de rexistro 2023-E-RC-1627) remitiu a través da plataforma telemática do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas a conta Xeral do Concello, do exercicio 2022, aprobada na sesión plenaria ordinaria do 24 de outubro de 2023.

**SEXTO.- Ditame ratificación convenio con Cerceda e Tordoia subvención Orientación laboral 2024 expedientes en TEDEC 2024/A006/000001, 2024/G003/000093 e 2024/G006/000038.**

Indica o Sr. Alcalde que este convenio non puido ir no pleno xa que debido á urxencia tivo que ir por decreto da Alcaldía.

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 22 de marzo de 2024 relacionado coa orde do día...

**ASUNTO.- DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 22 DE MARZO DE 2024.**

Ditame ratificación convenio con Cerceda e Tordoia subvención Orientación laboral 2024 expedientes en TEDEC 2024/A006/000001, 2024/G003/000093 e 2024/G006/000038.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**EXPEDIENTE: 2024/A006/000001**

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións....

Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por unanimidade, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (7 votos), grupo municipal do Partido Popular (4 ) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

**“ÚNICO.-** Convalidar o acordo do convenio aos efectos de tramitación da solicitude da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de Orientación laboral no exercicio 2024 entre os concellos de: Cerceda, Tordoia e Carral, que en caso de obterse a subvención rexerá a colaboración en orde a xestionar de forma compartida a actuación consistente nun proxecto de emprego para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación dun/ha técnico/a de información, orientación e prospección laboral.”

Intervén a Sra Blanco para dicir que calquera inversión que se poda facer con outros concellos é positiva para todos os concellos implicados.

Intervén o Sr. José Luis para dicir que lles parece ben, si ben o grupo popular xa dixo que é o mellor convenio que se fixo con Cerceda e Tordoia e que habería que buscar a maneira, de que o próximo ano se intente facer outro convenio pero con concellos mais próximos ao noso, xa que agora está todo ubicado en Cerceda, ainda que un día está a orientadora en Carral, e non hai boa comunicación de transporte de Carral a Cerdeda. O grupo popular cre indispensable que para usar estes servizos debe haber transporte público que acerque á xente aos lugares de ubicación da orientadora. Reitera as gracias a Cerceda e Tordoia por colaborar co Concello de Carral.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor ( 7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros /as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( pertencente o partido político PsdG-PSOE) o Pleno municipal ACORDOU:

**“ÚNICO.-** Convalidar o acordo do convenio aos efectos de tramitación da solicitude da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de Orientación laboral no exercicio 2024


CVD: psjfTISuTYgh/ksOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

entre os concellos de: Cerceda, Tordoia e Carral, que en caso de obterse a subvención rexerá a colaboración en orde a xestionar de forma compartida a actuación consistente nun proxecto de emprego para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego articuladas en itinerarios personalizados de insercións profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación dun/ha técnico/a de información, orientación e prospección laboral.

**SÉPTIMO.-**Ditame ratificación da participación do Concello de Carral no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2024, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, expedientes en TEDEC 2024/A003/000001, 2024/G003/000102 e 2024/G006/000037.

Indica o Sr. Alcalde que esta é unha modificación que se fai en canto ás asignacións que fai a Deputación da achega provincial de 57.273,49 € no cal se emitiron unhas táboas que a continuación indicará a Sra. Secretaria.

Indica a Sra. Secretaria que este punto xa foi a o pleno anterior pero houbo un erro nas táboas xa que debido a un copia e pega faltaron dúas columnas e a Deputación otorgou un prazo de dez días hábiles para a súa rectificación e por isto, debido á urxencia, fíxose por Decreto sendo necesaria a ratificación no pleno.

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 22 de marzo de 2024 relacionado coa orde do día...

**ASUNTO.- DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 22 DE MARZO DE 2024.**

**DITAME RATIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2024, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024, expedientes en TEDEC 2024/A003/000001, 2024/G003/000102 e 2024/G006/000037**

**EXPEDIENTE: 2024/A003/000001**

Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións....

Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por maioría, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (7 votos) e do do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto) e a abstención grupo municipal do Partido Popular (4 ), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**"ÚNICO.-** Convalidar o acordo do da participación no Plan Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ Adicional 1/2024"** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe proposta que consta nos considerandos deste decreto, así como colaborar coa Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais."

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Patricia.

Manifesta a Sra. Patricia que está ratificará este punto.

Concede a palabra o Sr. Alcalde a o Sr. Mouriño

Indica o Sr. Mouriño que este punto xa se levara a pleno e que o grupo popular xa votara a favor del, polo tanto agora serán consecuentes e votarán a favor desta ratificación. Se ben, continua o Sr. Fernández Mouriño dicindo que xa que falaron dos orzamentos indica o Sr. José Luis que Servizos Sociais e axuda no fogar seguen a funcionar mal e se se necesitan mais partidas orzamentarias para contratar a mais persoal deberían facelo e indica o Sr. Mouriño, contarán co apoio do grupo popular.

Sen maís intervencións por unanimidade con 11 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE) o Pleno **ACORDOU:**

**"ÚNICO.-** Convalidar o acordo do da participación no Plan Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ Adicional 1/2024"** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe proposta que consta nos considerandos deste decreto, así como colaborar coa Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais."

**OITAVO.- Ditame modificación ubicación parada de taxis do Concello de Carral, expedientes en TEDEC 2024/V01/000002, 2024/G003/000087 e 2024/G006/000036**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

Indica o Sr. Alcalde que en reunión cos taxistas de Carral acordouse unha nova ubicación para a parada de taxis xa que se vai a facer unha remodelación da Praza da Capela, sinala o Sr. Alcalde que se comunicou ás organizacións de taxis, cuns informes favorables. Manifesta o Sr. Alcalde que o acordo ao que se chegou foi que se ubicarán nunhas rúas e mais adiante se non están dacordo con esa ubicación valoraránse outras ubicacións.

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 22 de marzo de 2024 relacionado coa orde do día...

**ASUNTO.- DITAME COMISIÓN ASUNTOS DO PLENO 22 DE MARZO DE 2024.**

Ditame modificación ubicación parada de taxis do Concello de Carral, expedientes en TEDEC 2024/V01/000002, 2024/G003/000087 e 2024/G006/000036

EXPEDIENTE: 2024/V01/000002
Pola secretaria procédese á lectura a proposta de acordo a dictaminar relacionado coa orde do día..

Intervencións....
Sen mais intervencións, sometido o ditame a votación: a comisión informativa por maioría, con voto ponderado do grupo municipal Alternativa dos Veciños (7 votos), e coas abstencións do grupo municipal do Partido Popular (4 ) e do grupo municipal PSDG-PSOE (1 voto), dictaminou favorablemente o seguinte acordo:

> **"PRIMEIRO.-** Trasladar a ubicación da parada de taxis de Carral á rúa Víctor Velasco coa ubicación sinalada no expediente números 7,9 e 11 solicitando autorización sectorial á Excma Diputación Provincial de A Coruña titular da vía estrada DP 2104 Carral a Meirama, condicionando a efectividade deste acordo ó cumprimento do contido de dita autorización sectorial motivando o cambio de ubicación na **responsabilidade pública derivada da prestación do servizo, a universalidade, accesibilidade e continuidade e a calidade na prestación dos servizos e o respe1cto dos dereitos das persoas usuarias non sendo viable o mantemento da parada na Praza da Capela por obras a acometer na mesma .**
>
> **SEGUNDO.-** Dar publicidade deste acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web do Concello."

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco

Intervén a Sra. Patricia para dicir que todos entenden que as obras na Praza da Capela non son compatibles coa ubicación actual da parada de taxis, ainda así, indica a Sra. Blanco o grupo socialista solicita que este punto quede sobre a mesa. Manifesta a Sra. Blanco que en reunión mantida cos taxistas, éstes indican que non está dacordo coa ubicación que se lles quere dar, é dicir parada de taxis na rúa Víctor Velasco, manifestando que os taxistas presentaron por rexistro o 25/03 un escrito.

Continua diciendo a Sra. Patricia que os taxistas teñen unha nova proposta, ao parecer da Sra. Blanco, moi acertada. Indica a Sra. Blanco que a máxima inquietude dos taxistas é que a parada de taxis esté ao carón da parada de bus e, manifesta a Sra. Patricia que na ubicación que o Concello lles propón non estarían ao carón da parada de bus, outra inquetude dos taxistas é que ocorrerá os días de feira, na festa do pan, etc, habería que modificar a ordenanza municipal de venta ambulante, sinala a Sra Patricia, xa que si agora se traslada a parada de taxis a esa rúa e non se modifica a ordeanza municipal de venta ambulante, e a festa do pan está á volta, pregunta a Sra. Blanco se o goberno municipal garante que esta ubicación, que, sinala a Sra. Patricia, sen dúbida será aprobada por maioría absoluta do equipo de gobernó, non vai a ser definitiva, xa que o escrito presentado polo taxistas sinala que non están dacordo con esta ubicación e que non queren que sexa definitiva.

Manifesta a Sra. Patricia que o Alcalde debería falar outra vez cos taxistas xa que eles non están dacordo co que se vai a facer.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que na última reunión que el tivo cos taxistas ningún dixo que houbera ningún problema, quizais sinala o Sr. Alcalde protestaron un par de taxistas que non viñan nin á parada de taxis.

Sinala a Sra. Patricia que o escrito presentado no rexistro municipal está asinado por 7 taxistas.

Continua o Sr. Alcalde sinalando que son 10 taxistas, que el xa viu o escrito e que se volverá a reunir cos taxistas sen problema ningún. Indica o Sr. Alcalde que el tivo unha reunión cos taxistas no seu día, eque volverá a ter outra e que os taxistas traían as súas Propostas e se poden ser atendidas farase sen problema ningún.  Pero, reitera o Sr. Alcalde que na última reunión que el mantivo cos taxistas non lle dixeron nada diso.

A Sra. Blanco insiste na súa petición de que este punto quede sobre a mesa.

Dalle a palabra o Sr. Alcalde a o voceiro do grupo popular.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Intervén o Sr. José Luis para dicir que apoia todo o que dixo a voceira do grupo mixto e insite, o Sr. Mouriño, en que este punto debería quedar sobre a mesa xa que un grupo importante de taxistas comentáronlle ao grupo popular que non están dacordo coa ubicación da para de taxis, están preocupados polo feito de que, se ben os taxistas entenden que se hai obras onde están ubicados pode haber unha modificación puntual no tempo que duren as obras, que, por outra banda, sinala o Sr. Mouriño non entende porqué hai que gastas cento cincuenta e pico mil euros na remodelación da Praza da Capela cando o único que habería que facer  sería sacar o magnolio, xa que a praza está renovada con materiais nobres de granito e formigón impreso e incluso modificar a marquesina. Pero, entende o Sr. Mouriño que esta remodelación se fará por un capricho do Sr. Alcalde que ten alí, indica o Sr. Fernández, propiedades e tamén algún amigo del e quere poner aquello máis bonito, pero segue sinalando o Sr. Mouriño que en todas as partes as paradas de taxis están en sitios céntricos (Obelisco de A Coruña).

Reitera o Sr. Fernández Mouriño que está totalmente dacordo coa Sra. Blanco Fidalgo de que este punto quede sobre a mesa e o Sr. Alcalde fale co colectivo de taxistas, xa que si ben o equipo de gobernó ten potestade para tomar esa decisión pero, indica o Sr. Mouriño, todas as decisións hai que comunicárlla tanto á Agrupación de Local de  Taxistas, que sí a hai,  como á Federación de Taxistas e á Comunidade Autónoma, no departamento de mobilidade. Reitera o Sr. José Luis que o punto se deixe sobre a mesa e fale cos taxistas e unha vez rematas as obras a parada de taxis volte a ser na Praza da Capela, xa que os taxis en todas as vilas e cidades están onde hai intersección de transporte público e a Praza da Capela é o punto onde coinciden co outros transportes públicos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para facer unha observación ao Sr. Mouriño diciendo que porque o Sr. Alcalde teña unha propiedade na Praza da Capela non vai a seguir a teoría de anteriores rexidores deste Concello. Sinala o Sr. Alcalde que a Praza da Capela xa estaba remodelada e o Concello non va a reformar a Praza porque o Sr. Alcalde teña alí unha propiedade, xa que o Sr. Alcalde ten mais vergoña que todo iso.

Indica a Sra. Secretaria que o artigo 92 do ROF permite que calquer concelleiro/a poida durante o debate do punto solicitar que o expediente quede sobre a mesa e se aplace a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, continua a Sra. Secretaria, esta petición debe de ser votada tras rematar o debate, antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto, se a mayoría simple, é dicir, os votos favorables superen os non favorables votase a favor da petición de que quede sobre a mesa, non se votaría o acordó. Entón, continúa a Sra. Secretaria, hai que votar se queda ou non o expediente sobre a mesa, e o que se procede a votar.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

O Sr.Alcalde indica que se reunirán outra vez cos taxistas e pregúntalles aos taxistas presentados no Pleno se queren ou non outra reunión.

Intervén un taxista para dicir que sí que queren outra reunión xa que non quedaron claros os puntos.

Insiste o Sr. Alcalde en que este punto se podería votar favorablemente igual pero que o Sr. Alcalde terá outra reunión cos taxistas xa que isto non foi o que acordaron nunha reunión previa.

Sen mais intervención procédese á votación de se queda sobre a mesa, por unanimidade con 11 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE) o Pleno **ACORDOU:**

**UNICO.-** Deixar este expediente sobre a mesa.

**NOVENO.-Proposición ratificación decreto alcadía nº 102/2024 en relación co Convenio Obradoiro Dual de emprego Reserva Biosfera, Emprego Verde IV.**

Procédese á votación deste punto, sen ditaminar, da orde do día. Indica a Sra Secretaria que non está ditaminado polo momento en que chega este expediente, polo tanto os puntos noveno e décimo son proposicións e é necesaria a votación, por maioría simple da urxencia para que se permita o tratamento do asuntos.

Por unanimidade acéptase o tratamento deste punto sen ditaminar que se recolle na orde do día con 11 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE)

Pola Secretaria dase lectura do decreto relacionado con este punto da orde do día para proceder a votación:

"

"**Primeiro.-** Aprobar a solicitude de subvención conxuntamente cos demais concellos participantes (Abegondo, Bergondo, Carral, Oza-Cesuras, Paderne e Sada) unha subvención para o devandito proxecto, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 que regula a convocatoria.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**Segundo**.-Aprobar o proxecto e de solicitude de subvención que se atopa no expediente Tedec 2024/A008/000024

**Terceiro.-** Proceder á sinatura do convenio aos efectos de tramitación da solicitude da subvención tal e como se esixe no art 8.c) da orde de convocatoria

**Cuarto.-**Aceptar que a xestión do proxecto sexa realizada polo Concello de Abegondo, en representación da agrupación constituída, que actuará coma entidade promotora para a xestión do proxecto en todos os seus aspectos.

**Quinto**.- En cumprimento do establecido no artigo 18.) da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2024, (código de procedemento TR353A) para a posta en funcionamento do programa mixto de emprego e formación: DENOMINACIÓN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TALLERES “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV” declarar que:

-O Concello de Carral non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto ou finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.

- Cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarios segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente ningún pago ou outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

- Acepta as actuacións de comprobación previstas na orde da convocatoria.

- Dispón da experiencia,aptitude e capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.

- Aos efectos previstos no artigo 3.3, non participa en ningún outro programa sexa como entidade promotora ou como asociada, ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A).

- Remitiu ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio ao que está obrigada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- En canto á parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e tal e como se acordou cos restantes concellos asociados para este proxecto: esta entidade non asume ningunha obriga monetaria

**Sexto.-** Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este realice solicitando a convalidación do decreto necesario por razóns de urxencia para aprobar o convenio e proceder á sinatura en tempo e forma para tramitación da solicitude de subvención ( ANEXO Convenio que consta na proposta de acordó nos consdierando deste decreto )"

Dalle a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco.

Intervén a Sra. Blanco para sinalar que ela votará a favor e reitera o que xa dixo anteriormente, que calquera colaboración entre concellos sempre será boa. Pregunta a Sra. Blanco si este convenio e outros teñen algúnha avaliación, é dicir, si se pode saber si son exitosos ou non, cantos postos de traballo saen de cada un dos anos deses proxectos. Se hai avaliacións pregunta por ela e se non hai ningún tipo de avaliación, prega a Sra. Patricia que se poñan en marcha para facelas.

Dalle a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. José Luis.

Intervén o Sr. José Luis para indicar que o grupo popular está totalmente dacordo con esta solicitude e indica que para o punto seguinte, décimo tamén están dacordo. De feito o punto do convenio seguinte, indica o Sr. Mouriño que é algo que seguro que terá moita demanda no futuro xa que hai moita demanda de axuda a domicilio en canto a persoal formado.

Sen maís intervencións por unanimidade con 11 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE) o Pleno ratificou o seguinte **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a solicitude de subvención conxuntamente cos demais concellos participantes (Abegondo, Bergondo, Carral, Oza-Cesuras, Paderne e Sada) unha subvención para o devandito proxecto, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 que regula a convocatoria.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**Segundo**.-Aprobar o proxecto e de solicitude de subvención que se atopa no expediente Tedec 2024/A008/000024

**Terceiro.-** Proceder á sinatura do convenio aos efectos de tramitación da solicitude da subvención tal e como se esixe no art 8.c) da orde de convocatoria

**Cuarto.-**Aceptar que a xestión do proxecto sexa realizada polo Concello de Abegondo, en representación da agrupación constituída, que actuará coma entidade promotora para a xestión do proxecto en todos os seus aspectos.

**Quinto**.- En cumprimento do establecido no artigo 18.) da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2024, (código de procedemento TR353A) para a posta en funcionamento do programa mixto de emprego e formación: DENOMINACIÓN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TALLERES "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV" declarar que:

-O Concello de Carral non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto ou finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.

- Cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarios segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente ningún pago ou outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

- Acepta as actuacións de comprobación previstas na orde da convocatoria.

- Dispón da experiencia,aptitude e capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.

- Aos efectos previstos no artigo 3.3, non participa en ningún outro programa sexa como entidade promotora ou como asociada, ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A).

- Remitiu ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio ao que está obrigada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- En canto á parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e tal e como se acordou cos restantes concellos asociados para este proxecto: esta entidade non asume ningunha obriga monetaria.”

**DÉCIMO.- Proposición ratificación decreto alcaldía nº 105/2024 en relación co Convenio Obradoiro Garantía Xuvenil 2024**

Procédese á votación deste punto, sen dictaminar, da orde do día aceptándose o seu tratamento por unanimidade con 11 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE).

Pola Secretaria dase lectura do decreto relacionado con este punto da orde do día para proceder a votación:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar a solicitude de subención conxuntamente cos demais concellos participantes (Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne) unha subvención para o devandito proxecto, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 que regula a convocatoria.

**SEGUNDO.-**Aprobar o proxecto de solicitude que se atopa no expediente Tedec 2024/A008/000025

**TERCEIRO.-** Proceder á sinatura do convenio aos efectos de tramitación da solicitude da subvención tal e como se esixe no art 8.c) da orde de convocatoria

**CUARTO.-**Aceptar que a xestión do proxecto sexa realizada polo Concello de Betanzos, en representación da agrupación constituída, que actuará coma entidade promotora para a xestión do proxecto en todos os seus aspectos.

**QUINTO.-** Dar conta da resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este realice solicitando a convalidación do decreto para proceder á sinatura do convenio ( ANEXO )”

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Patricia.

A Sra. Patricia remítese ao anterior dito.

O Sra. Alcalde concede a palabra ao Sr. Mouriño

O Sr. Mouriño remítese ao anterior dito.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Sen maís intervencións por unanimidade con 11 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE) o Pleno ratificou o seguinte **ACORDO:**

"**PRIMEIRO.-** Aprobar a solicitude de subvención conxuntamente cos demais concellos participantes (Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne) unha subvención para o devandito proxecto, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 que regula a convocatoria.
**SEGUNDO.-**Aprobar o proxecto de solicitude que se atopa no expediente Tedec 2024/A008/000025
**TERCEIRO.-** Proceder á sinatura do convenio aos efectos de tramitación da solicitude da subvención tal e como se esixe no art 8.c) da orde de convocatoria
**CUARTO.-**Aceptar que a xestión do proxecto sexa realizada polo Concello de Betanzos, en representación da agrupación constituída, que actuará coma entidade promotora para a xestión do proxecto en todos os seus aspectos."

**DÉCIMOPRIMEIRO.- Dación de contas de decretos e Mocións no seu caso**

Sinala a Secretaria que se da conta dos decretos ditados dende o número 39 de 14/2/2024 ata 107 de data 22 de marzo de 2024.

Moción.

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Indica a Sra. Secretaria que hai unha moción do Grupo popular e o Sr. Alcalde, solicita ao portavoz do grupo popular que expoña a urxenxia de dita moción.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Indica o Sr. Mouriño que ainda que non é tan urxente o punto sí é preocupante para as persoas que teñen galiñeiros para autoconsumo aos que se lles esixe que estén regulados e a moita xente preocúpalles se esta esixencia que ven por parte do Estado Español que lles esixe a todas as Comunidades que regulen os galiñeiros e dende o grupo popular proponse que se suprima isto xa que non se pode comparar unha explotación avícola onde se adican a vender ao público cunha explotación avícola para autoconsumo e por isto se lle insta ao Goberno de España para que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo.

Procédese á votación da urxencia da moción.

Por maioría con 10 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 voto en contra da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE) aceptase o tratamento da moción :

CVD: psjfTISuTYgh/ksOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións - currais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: *"Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas."*

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuíto, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.

Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de lexislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Insistimos que o sector primario soporto unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.

Ante esta situación, proponse ao Pleno da Corporación de

a adopción do seguinte **ACORDO:**

*"Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma."*

Carral 1 abril de 2024

José Luis Fenández Mouriño

Voceiro do Grupo Popular de Carral

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Indica o Sr. Alcalde que o voceiro expoña a Moción.

Indica o Sr. Fernández Mouriño que xa resumiu todo na exposición da urxencia. Indica o Sr. Mouriño que o grupo popular non entende que este decreto sexa para actividades de autoconsumo ainda que sí o entenden para actividades gandeiras.

A Sra. Secretaria procede á lectura literal do acordo:

"Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas de autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma"

Dalle a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco.

Intervén a Sra. Blanco para dicir que isto xa pasa tamén coas ovellas, que dende hai anos están nun rexistro, incluso a xente que ten duas ou tres ovellas tenlles que por pendentes, e a outros animais para matalos hai que chamar ao veterinario, é dicir, á Sra. Do Grupo Mixto entende que á Xunta de Galicia lle preocupa calquer cousa que lle de traballo ainda que ao final o traballo é dos concellos sen que a Xunta lles de os cartos necesarios. Indica a Sra. Blanco que ela non cre que facer un documento para decir que ten galiñas sexa tan difícil nin complicado. O trámite é moi sinxelo e pódese facer en calquer oficina agraria ou no concello e tamén de xeito telemático.

Continua a Sra Patricia dicindo que se está a falar da sanidade dos animais e das persoas e manifesta que a xente de Galicia está indo a mercar galiñas ao Bierzo xa que a Xunta de Galicia se adiantou e puxo unha norma que as outras comunidades non están facendo. Cando se trata de establecer mecanismos de control dos animais existentes como xa se fixo coas cabras, coas ovellas, etc, todos os animais que están en contacto coas persoas ou que viven coas persoas teñen que estar controlados, trátase, reitera a Sra. Blanco da sanidade animal e das persoas.

O Sr. José Luis indica que non é tan grave o tema, é mais preocupante que a xente vaia ao Bierzo ou a Portugal a mercar galiñas, pero o que está claro, manifesta o Sr. Mouriño é que se a lei está ahí hai que

CVD: psjfTISuTYgh/kSOcCM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

cumprila, a Xunta de Galicia, non se adiantou a nada, indica o Sr. Mouriño, que a súa pretensión non é defender ao Partido Popular de Galicia como fai a voceira do Grupo Mixto defendendo ao Grupo Socialista de Madrid, indica o Sr. Mouriño que a súa única pretensión é facilitarlle a labor ás persoas maiores, que están preocupadas, reitera o Sr. Mouriño, cando lles din que non lles poden vender as galiñas, que teñen que ir ao Concello.

Indica a Sra. Patricia que ela defende a sanidade animal e das persoas, sinala a Sra. Blanco que se sabe que existe a gripe aviar e outras enfermidades que se transmiten.

Indica o Sr. Alcalde que o tema de que se trata aquí, ainda que entende a postura da Sra. Blanco, é de facilitarlle á xente as cousas e que non estean con papeleo por ter tres galiñas na casa.

Sen maís intervencións por maioría con 10 votos a favor (7 dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ) ( 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP ) e 1 voto en contra da concelleira do grupo mixto ( do partido político do PsdG_PSOE) o Pleno **ACORDOU:**

**UNICO.-** Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas de autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma

**DÉCIMOSEGUNDO.- Rogos e preguntas**

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Blanco para dicier que o pasado 22 de marzo rematou o prazo para presentación solicitudes de subvencións para infraestruturas municipais ambientais, sociais e dixitais nos municipios afectados pola transición enerxética no marco do Plan de recuperación , transformación e resilencia pregunta que se presentou algo.

Continua a Sra. Blanco dicindo que no pleno do mes de novembro do 2023 solicitou inventario edificacións en ruina .Despois de que o Sr. Alcalde lles informase de palabra do estado de algúns edificios, todos eles no casco urbano de Carral, o Sr. Alcalde, insiste a Sra. Patricia indicou que se faría ese inventario.

Manifesta a Sra. Blanco que no mes de xaneiro, dous meses despois, á vista de non ter noticias deste inventario, indica a Sra. Blanco que solicita o mesmo por rexistro. Sinala a Sra. Blanco que no día de hoxe, 1 de abril de 2024, segue á espera do inventario requerido. Pregunta a Sra Patricia ao Sr. Alcalde canto mais ten que esperar.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Resposta o Sr. Alcalde para dicir que non sabe o tempo que hai de espera para ese inventario xa que o Sr. Alcalde llo comunicou ao Sr. Técnico e este respostoulle ao Sr. Alcalde que "si se dedicaba a hacer inspecciones de todas las viviendas que había en el Ayuntamiento el no podía hacer el trabajo del municipio" sinala o Sr. Alcalde que el mesmo lle dixo que prefería que fixera o traballo de dentro do Concello, recoñece o Sr. Alcalde que sí que hai vivendas en Carral que si que urxe proceder á demolición pero hai que darse conta que é todo o Concello, habería que nombrar un equipo.

Intervén a Sra. Patricia para dicir que vivendas para demoler ou rehabilitar e sinala que no seu momento non lle gustou que o Sr. Alcalde trouxera a un pleno a unha funcionaria municipal a dar explicacións e non lle gusta, continua a Sra. Blanco dicindo, que o Sr. Alcalde lle díga nun pleno que non se fixo un traballo porque un funcionario municipal dixo "X", manifesta a Sra. Patricia que non, que o responsable é o Sr. Alcalde.

Sinala o Sr. Alcalde que claro que el é o responsable e o traballo de inspeccionar vivendas é un traballo que ten que facer un equipo en condicións, pero hai que pagalo tamén. Matiza o Sr. Alcalde que el dixo que "si o arquitecto fai un traballo non pode facer o outro".

Sinala a Sra. Patricia que habería que habilitar unha partida para ese equipo. Indica a Sra. Blanco que porqué non lle respostaron dende xaneiro "no se fixo o traballo porque non temos fondos ou non temos tempos....", continua a Sra. Blanco dicindo que a ela non se lle respostou por escrito.

Resposta o Sr. Alcalde que se lle contestará por escrito á Sra. Blanco.

Continua a Sra. Blanco comentando que en relación ao Polígono dos Capelos, xa sei, indica a Sra. Patricia, que iso é cousa da Xunta e do Sepes.

Matiza o Sr. Alcalde dicindo que non que é cousa do Goberno Central e de Sepes.

Continua a Sr. Blanco preguntando se hai algunha noticia sobre a afección do Polígono, entende a Sra. Patricia que non hai noticias xa que presentou hai uns días por rexistro unha solicitude de licencias agrarias de parcelas lindantes con dito Polígono e indica a Sra.que a Xunta de Galicia non acepta a tramitación deste expediente por un cambio de uso polo método simplificado, entón, continua a sra. Patricia o Sepes ten que emitir un novo informe e ir polo método ordinario, entende a Sra. Patricia que a Xunta lle comunicou iso ao Sepes e o Sepes non dixo nada.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o Sepes non dixo absolutamente nada.

Continua a Sra. Blanco Fidalgo preguntando si o goberno local lle insistiu ao Sepes.

Indica o Sr. Alcalde que dende o concello se lle insistiu ao Sepes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: psjfTISuTYgh/ksOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pregunta a Sra. Blanco ao Sr. Alcalde se pensa que a Xunta de Galicia e o Sepes van a pensar no Concello de Carral sen insistir. Manifesta a Sra. Patricia que o que o goberno local debería pedir ao Sepes sería ou que faga o traballo que lle indica a Xunta de Galicia ou ben que lle reclame ou lle pregunte á Xunta de Galicia porque o ten que facer por ese método. Indica a Sra. Blanco que ela está segura de que Naturgy atopou a maneira rápido de facelo, seguramente pensou en todas as portas que había, resumindo, a proposta que quere facer a Sra. Blanco sería ou ben dicirlle ao Sepes que faga o que lle dí a Xunta de Galicia ou que lle solicite á Xunta de Galicia que lle permita tramitalo pola canle simplificada. Reitera a Sra. Patricia que o Concello debe insistir, todas as semanas, chamando por teléfono, remitindo mails, xa que nin ao Sepes nin á Xunta de Galicia lle importa o Concello de Carral.

Pregunta a Sra. Patricia polo Plan Xeral Municipal

Pregunta a Sra. Patricia polo tema das retransmisións das sesións plenarias.

Resposta o Sr. Alcalde que hai unha partida nos orzamentos que se están aprobando neste pleno para as retransmisións das sesións plenarias.

Indica o Sr. Alcalde que con respecto ao PXOM nos orzamentos do ano 2024 hai unha partida orzamentaria para contratar un técnico que se adique unicamente ao PXOM.

Dalle a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. José Luis.

Indica o Sr. Mouriño que ainda que son moi distintos o grupo popular e a portavoz do grupo mixto el ía facer as mesmas preguntas que a voceira do grupo mixto, xa que foron as mesmas preguntas que fixo no pleno ordinario anterior e dixo que as respostaría, o Sr. Alcalde, por escrito e ainda non respostou.

Manifesta o Sr. Fernández a súa solicitude de que conste en acta que, por favor, lle resposten por escrito as preguntas do último pleno ordinario, no cal fixeron as preguntas e rogos, como por exemplo da depuradora da Brexa, se se fixo algo, convenio con EMALCSA, PXOM, etc,, etc.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as 21 horas e 09 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

Secretaría Xeral, REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Alcaldía, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

CVD: psjfTISuTYgh/kSOccM0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)